

Resolución RA 5/2026 Impugnación NAVIERA DE LAS RÍAS GALLEGAS S.L. acordo Revogación no Expediente S 2/2024.

En Pleno.

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente

D. Daniel Neira Barral, secretario/vogal

Dna. María Teresa Cancelo Márquez, vogal

En Santiago de Compostela, ao 2 de febreiro de 2026.

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (en diante CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator D. Ignacio López-Chaves Castro dita a presente Resolución pola que se resolve o recurso do art. 47 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (en diante LDC) interposto por NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. contra o acordo de revogación acordado pola Subdirección de Investigación o 17 de outubro de 2025.

1.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. - En data 10 de novembro de 2025 Dna. Mónica Martínez Martínez, con D.N.I. *****-*, actuando en nome e representación de NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L., con C.I.F. B 36 531 74, presentou escrito polo que interpoñía recurso en virtude do artigo 26.1 do Regulamento de Réxime Interno da Comisión Galega da Competencia e do artigo 47 da Lei de Defensa da Competencia (en diante LDC) contra o acordo de revogación acordado pola Subdirección de Investigación o 17 de outubro de 2025.

No Acordo de revogación considerou a SUBDIC que ao resultar o acordo do 7 de outubro de 2024 polo que se incoaba o expediente sancionador S 2/2024: "Incumprimento de compromisos R 2/2022-Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, contra Naviera Mar de Ons, S.L., Naviera de las Rías Gallegas, S.L. e Naviera Illa de Ons, S.L." un acto desfavorable aos interesados, e, actuando no seu favor procedía revogar este acordo tendo en conta así mesmo que o incumprimento do compromiso terceiro apreciouse o 8 de febreiro de 2024 e o compromiso segundo o 19 de setembro de 2024 polo que as presuntas infraccións non prescribirían.

O artigo 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (en diante RDC) sinala que unha vez presentado o recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación (no noso caso pola SUBDIC) ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia (no noso caso ante o Pleno da CGC) este instará á Dirección de Investigación para que lle remita copia do expediente xunto co seu informe no prazo de cinco días.

Segundo. - Con data 17 de novembro de 2025 o Pleno da CGC unha vez acreditado que o recurso fora interposto en prazo, acordou requirir á SUBDIC que conforme ao previsto no art. 47 da LDC remitise no prazo de cinco días copia do Expediente S 2/2022 Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes, así como o Informe previsto no art. 24 do Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia. Así mesmo acordou que unha vez recibido o referido expediente se lle dese traslado do mesmo aos interesados e do recurso conforme ao previsto no art. 47 da LDC e o art. 24 do RDC.

Estes acordos foron notificados aos interesados.

Terceiro.- Con data 16 de decembro de 2025 a SUBDIC remitiu ao Pleno o Informe previsto no art. 24 do RDC así como copia completa do expediente S 2/2022 Transporte de viaxeiros ás illas Cíes que foron notificados e postos ao dispor dos interesados.

No devandito Informe a SUBDIC considera que non se produciría indefensión ou prexuízos irreparables a dereitos ou intereses lexítimos da recorrente, co que o recurso interposto por NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. non reuniría os requisitos esixidos polo artigo 47 da LDC e, en consecuencia, debería de ser inadmitido de pleno.

Cuarto.- Con data 16 de xaneiro de 2026 NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. presentou escrito de alegacións ao Informe da SUBDIC de 16 de decembro de 2025.

Quinto.- Con data 2 de febreiro de 2026 o Pleno reuniuse para deliberar e aprobar esta Resolución.

2. FUNDAMENTOS DE DEREITO

2.1.- Obxecto da Resolución, pretensións da recorrente e motivos do recurso

2.1.1.- Obxecto da Resolución

Na presente Resolución este Pleno deberá pronunciarse sobre o recurso do art. 47 da LDC interposto por NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L., contra o acordo de revogación acordado pola Subdirección de Investigación o 17 de outubro de 2025.

2.1.2.- Pretensións do recorrente

NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. solicita que se dite nova resolución na que, vistos os motivos expostos e con estimación do presente recurso, anule o acordo recorrido por infracción do art. 47.1 e) ou na súa falta anulabilidade do art. 48 da Lei 39/2015 do 1 de outubro por entender que ese acordo se ditou por órgano incompetente por razón da materia, mediante aplicación indebida do instituto da revogación, e con omisión dos requisitos esenciais esixidos pola Lei 39/2015 (LPAC).

2.1.3.- Motivos do recurso

Argumenta NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. no seu escrito distintos motivos polos que presenta este recurso do art. 47 da LDC.

Alega que o Acordo de revogación adoptado pola SUBDIC é susceptible de recurso así como a improcedencia do instituto da revogación

Afirma que "Aínda que o artigo 47 LDC non menciona expresamente os actos de trámite que deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, a doutrina (LAVILLA, J.J., Dereito español da competencia, Bosch, 2008, p. 894) explicou que esta omisión responde ao novo modelo de separación entre instrución e resolución introducida pola LDC de 2007.

A SUBDIC, como órgano instructor, carece de potestade para archivar, sobreseer ou resolver expedientes (arts. 49.3 e 53.2.e) LDC). En consecuencia, todo acordo que materialmente determine a imposibilidade de continuar o procedemento ou o finalice —como o presente— é susceptible de recurso ante o Pleno.

O propio texto impugnado, ao denominarse "Acordo de revogación expediente sancionador", confirma que pon fin ao procedemento sancionador S 2/2024, sendo, por tanto, recorrible."

Así mesmo sinala que a revogación "(...) non pode aplicarse á incoación dun expediente sancionador, xa que este acto non xera en por si prexuízo certo para os interesados. O expediente pode concluír tanto con sanción como con declaración de inexistencia de infracción ou de responsabilidade (art. 63.1 LDC)."

E continúa indicando que:

"Por tanto, o acordo de incoación non pode considerarse desfavorable e a súa revogación é improcedente"

Alega que o que procedería declarar sería a caducidade do expediente polo transcurso do prazo máximo para resolver previsto no art. 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP):



"(...) a figura aplicable sería a caducidade, ao transcorrer o prazo máximo de tres meses sen resolución (arts. 21.3.a), 25.1.b), 84 e 95 LPAC).

A declaración de caducidade é a única resolución conforme a dereito que podería ditarse e sempre por quen resulte competente, polo que o acordo recorrido resulta contrario ao ordenamento xurídico"

Alega tamén NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. que a SUBDIC carece de competencia para adoptar o acordo do 17 de outubro de 2025 e que o acordo de revogación carece de pé de recurso.

2.2.- Informe da Subdirección de Investigación e alegacións.

2.2.1.- Informe da Subdirección de Investigación

A subdirección de investigación (SUBDIC) propón que o recurso sexa inadmitido xa que sinala que

"(...) non se produciu indefensión ou prexuízos irreparables a dereitos ou intereses lexítimos da recorrente, co que o recurso interposto por NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. non reuniría os requisitos esixidos polo artigo 47 da LDC e, en consecuencia, debe ser inadmitido de pleno."

2.2.2.- Alegacións

2.2.214.- Alegacións de NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L.

No seu escrito de alegacións ao informe da SUBDIC formulado tras o seu acceso ao expediente NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. presenta as seguintes alegacións:

a) que o órgano de instrución da CGC (é dicir, a SUBDIC) carece da facultade de ditar resolucións ou actos de trámite que decidan directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, ou que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento.

b) que consonte ao art. 25.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), unha vez que transcorrese o

prazo previsto na normativa sen que se notifique a resolución do procedemento sancionador prodúcese de forma automática a caducidade e o procedemento administrativo finaliza. Sinala que os termos do art. 25.1.b) da LPACAP son claros. Polo que caducado o procedemento sancionador, o acordo polo que se incoou deixara de existir xuridicamente e por esta razón, non é conforme a dereito adoptar un acordo de revogación dun acto ou resolución previa que carecía xa de calquera relevancia e eficacia xurídica.

c) reitera os argumentos manifestados no seu escrito de interposición do recurso do 7 de novembro de 2025.

c) volve recoñecer expresamente a empresa NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. que:

“a incoación dun procedemento, mesmo se é sancionador, non constitúe per se un acto desfavorable ou gravoso para os intereses das persoas fronte ás que se dirixa. Todo procedemento sancionador pode concluír, de forma normal, tanto cunha resolución de infracción como cunha declaración de que non quedou acreditada a infracción que motivou a incoación, ou que acreditada a infracción non procede a imposición de sanción ou multa algunha porque non concorra no responsable a necesaria culpa ou negligencia para a súa imposición (art. 63.1 da LDC).

Por tanto, non sendo, en por si o acordo de incoación un acto desfavorable para a persoa fronte á que se dirixe, non é conforme a dereito poñer fin ao procedemento sancionador incoado mediante un acordo de revogación ditado ao amparo do artigo 119.1 da LPAC”

Por último, no seu solicito altera o *petitum* do seu escrito de interposición do recurso con data do 10 de novembro de 2025 para solicitar agora tamén que o Pleno resolva que “Que, anulado o acordo recorrido, ese Pleno da Comisión Galega da Competencia dite resolución declarando a caducidade do procedemento e o arquivo do expediente S 2/2024: Incumprimento de compromisos R 2/2022-Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes.”

2.3.- Natureza do recurso

A Sección 4.^a do Capítulo I do Título IV da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia regula no artigo 47 a posibilidade de presentar recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados polo órgano de instrución, establecendo que:

“Artigo 47. Recurso administrativo contra as resolucións e actos ditados pola Dirección de Investigación.

1. As resolucións e actos da Dirección de Investigación que produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos serán recorribles ante o Consello da Comisión Nacional da Competencia no prazo de dez días.

2. O Consello inadmitirá sen máis trámite os recursos interpostos fóra de prazo.

3. Recibido o recurso, o Consello poñerá de manifesto o expediente para que as partes formulen alegacións no prazo de quince días.”

O Tribunal Supremo na súa sentenza do 16 de novembro de 2018 (recurso 2781/2016) no seu Fundamento de Dereito Primeiro, afirma en relación co art. 47 LDC que:

“Esta previsión específica constitúe unha aplicación do disposto, con carácter xeral, no artigo 107.2 da Lei 30/1992 no ámbito sectorial da defensa da competencia. Prevese un recurso administrativo especial e extraordinario xa que unicamente procede por motivos taxados, isto é, sempre e cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados.”

Conforme a iso, os actos e resolucións da SUBDIC que produzan indefensión ou prexuízo irreparable poderán ser recorridos ante o Pleno da CGC, de tal maneira que este recurso só poderá ser admisible por algunha desas dúas razóns: *“cando se trate de resolucións que produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos dos interesados”*.

2.4.- Cuestión previa: caducidade do expediente

Como afirma a sentenza do Tribunal Supremo do 14 de marzo de 2024¹ a razón de ser da institución da caducidade é a satisfacción do principio de seguridade xurídica, evitando a prolongación indefinida dos procedementos administrativos, tendo en conta que a Administración ten o deber de ditar resolución expresa nos prazos marcados pola lei, porque así o esixe ese principio de seguridade xurídica que proclama o art. 9.3 da Constitución.

Pero tamén a doutrina considera que a razón última da caducidade atópase na necesidade de poñer fin ao que denominan como “un indesexable efecto psicolóxico” que é “a *eficacia intrinsecamente punitiva que posúe a mera tramitación de procedementos públicos de resultado potencialmente gravoso*, antes da súa resolución, e, por tanto, *ao imperativo de fixar ao sufrimento que inflixen un límite temporal terminante*”².

Na regulación da caducidade a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e en relación cos procedementos iniciados de oficio dispón no art. 25. 1 que:

“1. Nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditara e notificara resolución expresa non exime á Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, producindo os seguintes efectos:

(...)

b) Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 95”

¹ ECLI:ES:TS:2024:1576

² SANTAMARÍA PASTOR, J.A., “Caducidade do procedemento (art. 44.2 LRJAP)”, Revista de Administración Pública, n.º. 168, 2005, páxs. 16. Fronte a iso LOPEZ RAMÓN, F., “A caducidade do procedemento de oficio”, Revista de Administración Pública, n.º 194, 2014, p. 26 considera que: “É realista esta formulación? En verdade os administrados padecemos por ser obxecto dun procedemento sancionador administrativo? Quizais si, aínda que non sabería dicir se é máis polo temor da sanción ou pola zozobra da ignorancia sobre o resultado. E para o culpable, entendendo por tal quen efectivamente cometeu a conduta que se lle imputa no procedemento administrativo —que tamén o haberá—, non será máis ben unha esperanza, un alivio? En ausencia de estudos psicolóxicos ou sociolóxicos, parece imposible dar unha resposta unívoca a esas cuestións. Con todo, en principio, inclinaríame a pensar que aos administrados vaille moi ben este tipo de atrasos, e máis se cabe a posibilidade de que o paso do tempo determine a caducidade do expediente.”

Por iso a citada sentenza do TS do 14 de marzo de 2024 declara que: "(...) se a finalidade do procedemento iniciado de oficio é a de concluír cun acto de gravame ou desfavorables, como son as sancións, a demora na adopción da resolución correspondente por encima dos prazos legalmente establecido comporta a caducidade do procedemento, co efecto de que se pon fin ao mesmo e, por tanto, da posibilidade de ditar o acto de gravame ou desfavorables, mesmo este remate, reabre o prazo de prescrición da potestade administrativa para ditar o devandito acto (artigo 95.3º)."

E o art. 95 LPACAP sinala que:

- "1. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos tres meses, producirase a caducidade do procedemento. Consumido este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para renovar a tramitación, a Administración acordará o arquivo das actuacións, notificándollo ao interesado. Contra a resolución que declare a caducidade procederán os recursos pertinentes.
2. Non poderá acordarse a caducidade pola simple inactividade do interesado no enchemento de trámites, sempre que non sexan indispensables para ditar resolución. Esta inactividade non terá outro efecto que a perda do seu dereito ao referido trámite.
3. A caducidade non producirá por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interromperán o prazo de prescrición. Nos casos nos que sexa posible a iniciación dun novo procedemento por non producirse a prescrición, poderán incorporarse a este os actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non producirse a caducidade. En todo caso, no novo procedemento deberán cumprimentarse os trámites de alegacións, proposición de proba e audiencia ao interesado.
4. Poderá non ser aplicable a caducidade no caso de que a cuestión suscitada afecte ao interese xeral, ou fose conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento."

Sobre a caducidade a sentenza do TS do 19 de marzo de 2018³ manifesta que

«O exercicio pola Administración das súas potestades de intervención está suxeita a límites, un deles é o establecemento dun prazo máximo para resolver os procedementos. A súa razón de ser obedece ao deber das Administracións públicas de ditar resolución expresa nos prazos marcados pola lei, con iso preténdese garantir que os procedementos administrativos se resolvan nun tempo concreto, evitando a prolongación indefinida dos mesmos por razóns de seguridade xurídica. O incumprimento destes prazos implica como consecuencia xurídica a caducidade do procedemento e o consecuente arquivo das actuacións (artigo 44.2 da Lei 30/1992), o que non impide a apertura de novo expediente sobre o mesmo obxecto, sempre que non transcorrese o prazo de prescripción.»

E por iso afirma a continuación que:

“A esencia da caducidade dun procedemento é que queda inhabilitado como canle adecuada no que poder ditar unha resolución válida sobre o fondo. Esta foi a regra xeral e motivou que numerosas sentenzas deste Tribunal viñesen sostendo, con carácter xeral, a invalidez das resolucións administrativas ditadas nun procedemento caducado ao entender que «debía considerarse extinguido, e consecuentemente nula a resolución administrativa recorrida» (STS, do 24 de setembro de 2008, rec. 4455/2004), ou como se sostén na STS do 3 de febreiro de 2010 (rec. 4709/2005) a obrigaón imposta nunha resolución administrativa ditada nun procedemento caducado «perdeu o seu soporte procedemental, e, por tanto, tamén, a súa validez e eficacia». É máis, na nosa STS nº 9/2017, do 10 de xaneiro (rec. 1943/2016) afirmábase que «o procedemento caducado faise inexistente».

Neste suposto o expediente sancionador S 2/2024 foi incoado con data 8 de outubro de 2024 e, en base ao artigo 36.1 da LDC, establecía un prazo máximo para ditar e notificar a resolución de 24 meses.

Con todo, e como sinala a SUBDIC no seu acordo do 17 de outubro de 2025, este precepto resulta unicamente de aplicación aos procedementos sancionadores “por condutas restritivas

³ ECLI:ES:TS:1998:8523

da competencia” e non aos incoados polo incumprimento dunha resolución da LDC, que foi precisamente a conduta despregada polas empresas (incumprimento da resolución R 2/2022) e razón da incoación de expediente sancionador S 2/2024. Por este motivo non sería aplicable ao expediente sancionador S 2/2024 o prazo máximo dos 24 meses

O artigo 70.1 da LDC dispón que “Fóra das infraccións previstas no artigo 62 correspondentes aos artigos 1, 2 e 3, o procedemento para a imposición das sancións previstas neste Título rexerase polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na súa normativa de desenvolvemento”, polo que, a falta de disposición na LDC sobre a duración do procedemento sancionador por incumprimento de compromisos, tense que aplicar ao da Lei 39/2015 que, no seu artigo 21.3.a, prevé que cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen prazo máximo para ditar resolución, este será de tres meses. Sinala este mesmo precepto que nos procedementos iniciados de oficio, este prazo compútase desde a data do acordo de incoación do procedemento sancionador.

Consonte ao anterior o prazo para a resolución do expediente sancionador S 2/2024 (incoado o 7 de outubro de 2024) sería de 3 meses e non de 24 meses como consta no acordo de incoación, prazo que evidentemente transcorreu.

O incumprimento dos devanditos prazos nun procedemento sancionador iniciado de oficio implica como consecuencia xurídica a caducidade do procedemento, o que non impide a apertura dun novo expediente sobre o mesmo obxecto, sempre que “non transcorrese o prazo de prescrición”.

2.5 Procedencia ou improcedencia da estimación do recurso

Como vimos é a caducidade causa de finalización do procedemento (art. 84 LPACAP) e a que como sinala a xurisprudencia “A caducidade do procedemento constitúese así como unha forma de remate do procedemento que penaliza a falta de dilixencia da Administración no cumprimento dos prazos legalmente establecidos para tramitar e resolver” (Sentenza do TS do 19 de marzo de 2018⁴ e sentenza do 15 de xaneiro de 2025⁵), pero, como tamén sinala o TS, esta caducidade “(...) non xera, por si mesma, este remate, porque require unha resolución expresa

4 ECLI:ES:TS:1998:8523

5 ECLI:ES:TS:2025:240

que a declare, podendo incluso a Administración, malia concorrer o presuposto de feito, que é obxectivo, rexeitala en supostos excepcionais (artigo 95.4º). E iso é consecuente cos efectos da caducidade, que non é senón unha forma de remate do procedemento, dun remate anormal, poderíamos dicir, como con outra terminoloxía e salvando as diferenzas, se establece para o proceso contencioso na súa Lei reguladora.” Sentenza do 3 de decembro de 2020⁶, de tal maneira que co transcurso do prazo máximo para ditar resolución e notificala producírase automaticamente e *ope legis* o que a doutrina denomina como caducidade-perención⁷, terminando o procedemento administrativo xa no devandito momento.

Neste recurso a SUBDIC e o recorrente afirman, acertadamente, a existencia de caducidade do expediente. Este Pleno tamén acredita que, consonte ao indicado no apartado anterior, xa transcorreu o prazo máximo para resolver e notificar o expediente sancionador S 2/2024, polo que conforme ao art. 25.1 da LPACAP atópase en causa de caducidade.

Conforme tamén ao art. 25 LPACAP 1 “(...) a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións”, polo que, como vimos que sinala a Xurisprudencia requírese unha resolución expresa que a declare, que nun procedemento tramitado pola CGC corresponderá ao Pleno.

NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. solicita no recurso que se dite resolución na que se anule o acordo recorrido por infracción do art. 47.1 e) ou na súa falta anulabilidade do art. 48 da Lei 39/2015 do 1 de outubro e nas súas alegacións que se declare a caducidade do procedemento e o arquivo do expediente S 2/2024: Incumprimento de compromisos R 2/2022-Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes.

Na súa virtude, visto todo o anterior, os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, o Pleno da Comisión Galega da Competencia

RESOLVEU

⁶ ECLI:ES:TS:2020:4161

⁷ GONZÁLEZ NAVARRO, F., “A chamada caducidade do procedemento administrativo”. Revista de Administración Pública n.º 45, 1964, p. 191 e ss. Sinala este autor que “Noutras lexislacións, úsanse termos distintos para referirse á caducidade en sentido técnico e á extinción do procedemento pola paralización do mesmo durante un certo tempo. Así, en italiano, fálase de *decadenza*, para referirse á caducidade ou *decadencia* de dereitos, e de *perenzione*, para designar a que nas nosas leis se chama caducidade da instancia”

PRIMEIRO.- Estimar o recurso presentado por NAVIERA DE LAS RIAS GALLEGAS S.L. contra o acordo de revogación acordado pola Subdirección de Investigación o 17 de outubro de 2025 declarando a súa nulidade.

SEGUNDO.- Declarar a caducidade do procedemento e o arquivo do expediente S 2/2024: Incumprimento de compromisos R 2/2022-Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia e notifíqueselle aos interesados, facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde a súa notificación.